

SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2025

Dá comezo a xuntanza ás 9:05 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Carolina López Gómez; Arturo José Pereiro Rozas; Jannette Rodríguez Pallares; María Isabel Neira Gómez; Miguel Túñez López; José Ángel Fernández Escribano; Pablo Taboada Antelo.

Desculpan asistencia: Julio González Díaz, Miguel Antonio López Pérez, Eva rodil Rodríguez, J. Manuel Cifuentes Martínez.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do equipo directivo da EDIUS
3. Informe modificación de programas de doutoramento
4. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Apróbase a Acta da Comisión do 28/03/2025.

2. Informe do equipo directivo da EDIUS

Indica os ceses que se produciron nesta Comisión e as novas incorporacións.

Informa que está pendente da Área de Calidade para que se concrete unha reunión cos coordinadores e secretarios das CAPD na que se informará sobre o proceso de seguimento interno e externo dos programas de doutoramento.

3. Informe das memorias para a modificación de programas de doutoramento para a súa implementación no curso académico 2026/2027

3.1. Filosofía

Informe favorable.

Na documentación dispoñible para esta Comisión está a memoria e as táboas de recursos humanos que están en exposición pública, e unha nova memoria e táboas logo de que o programa realizara os seguintes cambios solicitados pola EDIUS:

- No apartado "Perfil de ingreso", eliminar o seguinte parágrafo: "En el caso de otros perfiles que no hayan realizado Máster se necesitará una equivalencia de formación en créditos de investigación, iguales por lo menos a los del máster que dé acceso directo, que serán 60 ECTS."

- Entre os "Criterios de admisión al Programa de Doctorado", eliminar o punto "Informe de viabilidad (15 %): En este apartado se valorará lo indicado por el profesor o profesora que haya hecho el informe de viabilidad sobre su coherencia interna y adecuación a algunas de las líneas de investigación del PD." O informe/aval dun profesor do programa pódese incluír como un requisito específico do programa, pero o contido de dito informe non pode ser un criterio de baremación, xa que podería incorrer na vulneración dos principios de concorrencia competitiva e igualdade de méritos a aplicar aos demais solicitantes de admisión a este Programa de Doutoramento.
- Cómpre cambiar a redacción dos criterios de calidade da tese previos á súa presentación, de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Recoméndase neste apartado suprimir a referencia á USC e indicar simplemente que os que se listan son os requisitos obrigatorios do programa de doutoramento.
- Cómpre modificar todo o apartado "Reconocimientos del PDI en el área de los estudios de doctorado", e incluír no seu lugar o seguinte texto que reflicte a última modificación aprobada polo Consello de Goberno do regulamento de Horas Docentes Equivalentes (HDE): "El mecanismo de cómputo de la labor de tutorización y dirección de tesis está recogido en el Reglamento de Planificación Académica de la USC, texto consolidado aprobado por Consejo de Gobierno del 25/11/2024 y, en su caso, en las modificaciones que se realicen: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/organizacion-docente> La actividad investigadora por las tutorizaciones y direcciones de tesis se reconoce en horas docentes equivalentes. Este mismo Reglamento contempla el reconocimiento de la actividad docente para actividades formativas de doctorado. Así, la Escuela de Doctorado Internacional dispondrá de un número de HDE que podrá asignar a el PDI que participa en actividades formativas de doctorado validadas por la Escuela".
- Definir o perfil de egreso e as saídas profesionais para a súa publicación na páxina web de cada programa, co fin de mostrar esta información aos futuros estudantes de doutoramento. Enténdese o perfil de egreso como as competencias e habilidades que desenvolve un estudante tras a realización do programa de doutoramento, e as saídas profesionais como descrición das actividades laborais máis relacionadas cos futuros egresados. Recoméndase proporcionar datos globais e unha análise dos mesmos mellor que unha listaxe. Cómpre cambiar as imaxes, táboas e gráficas por texto plano, xa que a aplicación do Ministerio non permitiría incorporalas.
- No apartado 8.3, redactar un resumo e análise dos resultados de cara ao seu traslado á aplicación do Ministerio.
- As táboas de recursos humanos non se corresponden co modelo proporcionado pero son válidas sempre que conteñan os mesmos datos. Polo tanto, cómpre indicar para todo o profesorado do PD a Área, non o Departamento ao que pertence, e a dedicación (tempo completo/tempo parcial). Cómpre tamén retirar a columna que se refire ao investigador referente da liña de investigación e relacionar a cada docente coa súa liña/s de investigación e grupo/s de investigación.
- Detectamos que a liña 4 de investigación non está vinculada con ningún proxecto de investigación.
- Levar os datos de profesorado que se incorpora ou decae ao resumo de modificacións.

3.2. Turismo

Informe favorable.

Universidade coordinadora: Universidad de Málaga. Presenta a modificación como non substancial.

4. Asuntos de trámite

5. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 09:18 h.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Isabel Neira Gómez

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/05/2025 12:48:09.

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL NEIRA GOMEZ, NIF ***2557**, 14/05/2025 09:45:20.

CSV: CA02-57D4-4D7D-80F8